



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)  
15008 - La Coruña  
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183  
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



Xacobeo 21-22

### COMUNICACIÓN SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE

#### Recomendacións da “Dirección Xeral de Saúde Pública con respecto ao uso da máscara”

Fecha: 20/04/2022

"Aínda que finalice a obriga de uso de máscara en interiores, dende a DXSP seguimos recomendando a prudencia e o uso responsable en espazos pechados cando non se poida garantir que nas actividades se garde a debida distancia de seguridade interpersoal de 1,5 m e a ventilación adecuada.

Este uso responsable é tamén recomendado pola *Ponencia de Alertas, Plans de Preparación e Resposta* e incorporado na exposición de motivos da norma que se publica hoxe (*Real Decreto 286/2022, de 19 de abril, por el que se modifica la obligatoriedad del uso de mascarillas durante la situación de crisis sanitaria ocasionada por la COVID-19*, dispoñible na ligazón <https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-6449-consolidado.pdf>).

Por todo isto, e sen prexuízo do resto de medidas preventivas recollidas nos respectivos protocolos Fisicovid-Dxtgalego, faise unha recomendación do uso responsable da máscara en espazos pechados nos que pola súa natureza (ximnasios, salas de baile, ...) ou actividades que se leven a cabo, o risco de transmisión sen máscara pode ser alto. Nestes espazos, pódese concentrar moita poboación, con pouca distancia interpersoal, ás veces durante varias horas. Aínda que moitos destes espazos contan con sistemas de ventilación, esta ventilación non sempre está garantida. É por iso, que, neste ámbito, a probabilidade de transmisión en ausencia de máscara pode ser elevada e o impacto podería ser moderado tendo en conta a diversidade de persoas expostas, entre as que podería haber vulnerables."

En A Coruña a 21 de abril de 2022.

Federación Galega de Patinaxe